



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

Debido á desaparición do galego como idioma escrito, a palabra SAUDADE chegou a ser considerada como só portuguesa aínda que na memoria oral perduraron as palabras SOEDADES e SUIDADE e o Padre Martín Sarmiento deu testemuña escrita da súa existencia no vocabulario galego no século XVIII. No S. XIX poetas como Rosalía e Pintos utilizárona con normalidade coas variantes:

*Soedades, soidade,
suidades, saudade,
saudades, señardade
morriña.*

O lirismo é a resposta a escoitarmos o noso interior, o noso eu máis íntimo.

Na opinión de Ramón Piñeiro a saudade e o lirismo teñen unha raíz común porque a lírica é a poesía coa que mellor expresamos os sentimentos do noso ser máis íntimo que se nos revela con maior intensidade cando estamos sós. É na soidade cando se nos revela a nosa individualidade, a nosa singularidade que expresamos a través da poesía lírica.

Ramón Piñeiro cre que os galegos temos unha propensión á soidade e, polo tanto, seguindo o razoamento anterior, unha inclinación ao lirismo polas seguintes causas:

o pobo galego vive nunha intensa dispersión poboacional, daquela o home galego vive individualmente inmerso na natureza. En consecuencia:

- O sentimento de soidade é máis inmediato e intenso fronte á natureza en nós ca nos demais seres humanos.
- A comunicación coa natureza é unha forma de proxectar fóra a nosa intimidade (Adiós ríos...).

O lirismo é, sen dúbida, un dos trazos máis distintivos da cultura galega xunto coa saudade, o humor, o poder imaxinativo e o sentido crítico (sentidíño). Entre todos estes é a lírica a característica cultural que acadou expresión de categoría universal grazas, en parte, á expresión nas cantigas de amigo e de amor da coita, da ausencia do amante ou do amor non correspondido, sentimentos emparentados coa saudade que máis tarde Rosalía de Castro faría universal. A lírica non é só a creación máis alta do espírito galego senón a que mellor nos define culturalmente.

A soidade ante a natureza inmensa estimula a percepción da nosa individualidade, da singularidade de cada ser humano.

As dimensións espirituais do ser humano son na opinión de Ramón Piñeiro tres: cognitiva, volitiva e sentimental. En cada pobo, unha das dimensións predomina sobre as demais

Grecia clásica: **o coñecemento**
Alemaña: **a vontade**
Galicia e Portugal: **o sentimento**